

## MESA SECTORIAL

14/11/2023

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 2, 4 E 6 DE OUTUBRO.

Apróbanse as actas referidas unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das organizacións sindicais.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE TRASLADOS DE ORIENTACIÓN.

Desde ANPE Galicia denunciar novamente que se perde a oportunidade de abordar dun xeito serio, detallado, consensuado na Mesa Sectorial ou nas Xuntas de Persoal das Xefaturas Territoriais unha Rede de Orientación Educativa en Galicia. A Administración educativa debe apostar firmemente por a atención ás necesidades específicas do alumnado e pola atención á diversidade e iso pasa por deseñar unha boa rede de orientación. Vemos como se nos presenta un Anexo III, que segundo a propia Orde ten un carácter provisorio xa que esta indica que son os centros que “previsiblemente” compartirán orientador/a. As organizacións sindicais descoñecemos cales son os criterios empregados pola Consellería para establecer que centros comparten orientador/a e con que centros o fan.



En relación co texto da Orde, que é idéntico ao presentado o curso pasado, consideramos que, ao tratarse dun concurso específico, debería eliminarse o requisito de que teñan que transcorrer dous anos desde o último destino definitivo e permitir a participación de todo con profesorado. O curso pasado a Administración

comprometeuse a facer un estudo da viabilidade xurídica desta proposta e non temos ningunha resposta ao respecto. **A Administración resposta que estudará novamente a viabilidade xurídica.**

Solicitamos tamén que se recolla explícitamente no texto da Orde que se fará público o remate da baremación dos aspirantes para que poidan saber claramente cando poderán comezar a facer as reclamacións previas á resolución provisional.

Demandamos que se amplíe o prazo de participación a 20 días hábiles.

En relación ao baremo solicitamos que se elimine do baremo o apartado 6.4 de valoración de cargos na administración, que desde ANPE Galicia consideramos meritocracia e que o ano pasado fora retirado do baremo e este ano volve a ser incorporado. Así mesmo solicitamos valoración para os responsables dos centros de menos de 3 unidades e que se teñan en conta certificacións de idiomas diferentes ás das EOI.

Demandamos que se incorpore unha disposición complementaria que especifique a puntuación das distintas publicacións como se fixo na orde do concurso xeral de traslados e mesmo no borrador da orde do concurso de adultos que trataremos a continuación. **A Administración incluirá esta disposición.**

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE TRASLADOS DE ADULTOS.

En relación ao concurso de adultos solicitamos que se estableza un procedemento específico de participación na sede electrónica e non se teña que facer a través dunha solicitude xenérica. **A Administración está traballando nesta liña para que estea implementado un proceso específico dentro da sede electrónica para a vindeira convocatoria.**

Na base cuarta, igual que fixemos na anterior orde, solicitamos que se elimine o requisito dos

## MESA SECTORIAL

14/11/2023

dous anos desde o último destino definitivo. Neste caso o prexuízo para o profesorado é maior que no caso do concurso de orientación xa que, mentras este último se convoca practicamente todos os anos, o de adultos se convoca con moita menos periodicidade. Nesta mesma base tamén solicitamos que poida participar o profesorado en prácticas como se recolle en todas as ordes de concurso.



Tamén solicitamos a inclusión no texto dun apartado que indique que se fará pública a finalización da baremación dos aspirantes e o aumento do prazo de presentación de solicitudes a 20 días hábiles.

No tocante ao baremo demandamos a retirada do apartado 6.4 e tamén solicitamos que no apartado 7.2 se puntúe a experiencia en todos os centros que imparten ensinanzas de adultos e non soamente nas EPA, INGABAD, CEGEBAD e as súas extensións.

En relación ás vacantes solicitamos a incorporación dunha vacante de matemáticas na EPAPU Sta. María de Caranza de Ferrol por xubilación forzosa do titular da mesma. Gustaríanos tamén que se incorporaran unha praza de Primaria e unha de inglés na EPA de Pereiro de Aguiar que sempre se cubren no CADP por persoal interino sen que coñezamos as causas polas que non saen no concurso de adultos. **A Administración estudará a proposta de vacantes presentada.**

### 4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Solicitamos información sobre o estado do pagamento aos membros dos tribunais do último concurso-oposición xa que temos constancia de que algún deles aínda non o recibiu. **Segundo a administración están todos aboados salvo algúns do corpo de mestres que serán aboados nos vindeiros días e dous tribunais do corpo de PES dos que aínda non recibiron a documentación.**
- Demandamos a actualización, e incluso a mellora, da indemnización por uso de vehículo particular por razóns de servizo. A orde ministerial está publicada desde mediados de xullo e a Administración galega aínda non fixa a actualización no seu ámbito.
- Consideramos que a Consellería debería abordar de xeito profundo a reforma da compatibilidade para o profesorado galego. É un tema que consideramos que tería un impacto moi positivo na calidade do ensino (podemos falar concretamente do caso do profesorado que imparte en Formación Profesional que, no caso de facilitar a compatibilidade podería estar máis preto da realidade do mercado laboral e das últimas novidades no tecido empresarial), ademais de que se está a producir un agravio comparativo con outros docentes aos que se lles facilita a realización de calquera actividade paralela mentras se impide (ou supón a perda do complemento correspondente) noutros casos onde mesmo outras administracións públicas requiren dos servizos dun ou dunha docente e non se lles autoriza.
- Demandamos outra vez o cobro dos meses de verán para o profesorado interino que acredite ter traballado durante máis de 5,5 meses no curso escolar.



**MESA SECTORIAL****14/11/2023**

- Solicitamos información sobre o proceso de cotización á Seguridade Social de todo o alumnado de FCT a partires de xaneiro de 2024. Desde os centros educativos nos trasmiten a inquedanza dos coordinadores de FCT que non saben se teñen que facer algún tipo de trámite coas empresas. Solicitamos se envíe información aos centros.
- Para finalizar trasladamos a inquedanza manifestada polos membros dos equipos mentores ADIX. Non teñen ningún tipo de documento ou constancia en datos persoais de que están facendo este tipo de traballo que é pioneiro e temen que isto supoña un perxuízo claro de valoración en futuras convocatorias como pode ser a de aceso a cátedras cando a propia LOE establece que este tipo de traballo relacionado coa actualización didáctica deberían ter a súa correspondente valoración.

